

## IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

### COMISIÓN PARITARIA DE OUTUBRO “PARÁLISE PERMANENTE”

Esta semana tivemos a reunión da COPA do mes de outubro, este é outro indicativo da parálise de Función Pública, todo o fan cun enorme retraso ou directamente non o fan.

A única actividade desta comisión é a da asignación de complementos, coa aplicación unilateral dos cambiantes criterios da Administración, e a complicidade dalgunhas organizacións sindicais que permiten a perda de postos de traballo a cambio da concesión de complementos, e que moitas veces non responden as necesidades reais do traballo que desenvolve o persoal laboral e que producen discriminacións entre ministerios.

Con respecto a labor de vixilancia e cumprimento do estipulado no convenio, existe unha renuncia total de Función Pública ó exercicio destas atribucións, outra vez coa complicidade dos sindicatos “maioritarios”, e deixan en mans dos departamentos de recursos humanos dos ministerios a interpretación e aplicación do convenio, coas evidentes desigualdades que isto xera. Divide e vencerás.

**Nesta xuntanza aprobaron un acordo para agrupar especialidades** de varias familias e grupos profesionais para mellorar a cobertura dalgúns postos nas convocatorias de emprego, que só nos non asinamos por:

1. Racha ca especialización que buscabamos co IV convenio e que enlazaba directamente a formación coa clasificación profesional.
2. Supón unha clara discriminación para o persoal que xa estamos no convenio, xa que só se vai a aplicar para as futuras convocatorias de oferta libre e non nos concursos de traslados.
3. Non inciden nas verdadeiras causas que motivan estes baixos índices de cobertura; Salarios moi baixos, enorme lentitude na tramitación das ofertas de emprego, falta de continuidade nas ofertas...
4. Vai a xerar enormes distorsións na prestación dos servizos públicos. Como exemplo para cubrir un posto M1 de electricidade agora se poderá presentar alguén cunha formación profesional de carpintaría ou de fontanería, e pode haber exemplos aínda peores.

Debemos resultar incómodos, que agora tamén nos poñen impedimentos para a asistencia a determinadas negociacións. Non queren que se fagan públicos os seus “Chancullos”.

#### GRUPOS DE TRABAJO:

- **Xubilación Parcial.** Levamos máis dun ano solicitando negociar as condicións de traballo (acumulación, xornada, modelo e instrucións para a solicitude...) do persoal que ten dereito a xubilarse parcialmente. **Nada.** Tampouco teñen previsións para resolver as ofertas de emprego extraordinarias. De momento a única opción é a da reclamación xudicial por danos e prexuízos.
- **Traslados.** Publicaron a terceira convocatoria deste ano (están acordadas catro) e están a piques de rematar a segunda do Anexo II.
- **Troco de Réxime Xurídico.** Outro incumprimento, estaba acordado facer catro convocatorias de cada grupo profesional en tres anos a contar desde o 2022 e de momento non se convocou nin unha para cada grupo profesional e só tomou posesión o persoal da primeira convocatoria do Grupo 4G. Todo un éxito segundo a súa opinión, xulgade por vos mesmos.
- **Ofertas de emprego.** Aínda está pendente de tomar posesión persoal da oferta de emprego de 2019, seis anos, o único que fan e asinar con UXT, CCOO e CSIF acordos para saltarse o convenio e prexudicar o persoal que xa estamos traballando ó non sacar os postos en concurso antes de en oferta libre para “axilizar as ofertas”. Despois estráñanse de que queden postos desertos.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota